

**Ofertas Destacadas**

**Monitor/a de comedor escolar**



**Nº da oferta 976533**  
**Oleiros**

Realizará tarefas de atención e coidado de nenos/as no comedor e patio dun colexio. Horario a tempo parcial de 13:30 a 15:30 horas, de luns a venres. Necesaria formación relacionada coa infancia e experiencia no posto.

**Aprendiz de carpinteiro/a de aluminio**



**Nº da oferta 975565**  
**Ames**

Para axudar na realización de traballos de colocación en fachadas e de carpintería de aluminio en vivendas. Necesario ter a ESO e dispoñibilidade para pernoctar fora do domicilio durante a semana. Ofrecen contrato de formación a xornada completa.

**Persoal de limpeza**



**Nº da oferta 976055**  
**Narón**

Empresa de servizos precisa persoal con experiencia de seis meses no posto para realizar tarefas de limpeza nas instalacións dun organismo oficial luns, mércores e venres unha hora diaria.

**Monitor/a de ioga**



**Nº da oferta 976473**  
**Vilalba**

Para impartir clases de ioga a persoas adultas. Ofrecen traballo a tempo parcial en horario a convir de tardes, dependendo do número de usuarios inscritos.

**Técnico/a de mantemento**



**Nº da oferta 975356**  
**Lugo**

Empresa do sector lácteo precisa persoal con un ano de experiencia no posto. Imprescindible posuír Ciclo Medio ou Superior de Electricidade, Electrónica ou similares. Necesarios coñecementos de hidráulica, pneumática e electromecánica e carné B.

**Mecánico/a oficial**



**Nº da oferta 976163**  
**Lugo**

Empresa do sector da automoción precisa oficial de 1ª para reparación e mantemento de vehículos industriais. Necesario Ciclo Formativo de Grao Medio en Electromecánica de vehículos ou Ciclo Superior en Automoción.

**Responsable de administración**



**Nº da oferta 975934**  
**Carballiño (O)**

Importante empresa de xestión de residuos precisa persoal para responsabilizarse do departamento de administración. Encargarase de realizar tarefas de facturación, cobros, contabilidade, control de custes, xestión de altas e baixas de traballadores, etc.

**Docente curso "Escaparatismo"**



**Nº da oferta 975822**  
**Ourense**

Impartirá os módulos de deseño e montaxe de escaparates. Requírese titulación de Enxeñería, Arquitectura ou Belas Artes, así como experiencia como docente ou formación en metodoloxía didáctica.

**Axente comercial (Sector: Enerxía)**



**Nº da oferta 976502**  
**Ourense**

Ofrecerá a particulares e empresas descontos na súa facturación dos recibos da luz e do gas, ao realizar o cambio de compañía subministradora. Ofrecen traballo a xornada completa ou parcial a convir.

**Delineante - Proxectista**



**Nº da oferta 975736**  
**Vigo**

Empresa do sector audiovisual precisa Enxeñeiro Técnico Superior para traballar no departamento de I+D+I no deseño de varios proxectos do sector do metal. Requírese experiencia de dous anos.

**Mecánico/a de motocicletas**



**Nº da oferta 975338**  
**Lalín**

Precísase oficial con experiencia en traballos de reparación e mantemento de motos. Necesario carné B e A. Ofrecen traballo a tempo parcial ou a xornada completa.

**Vendedor/a por teléfono**



**Nº da oferta 976633**  
**Vigo**

Para realizar venda telefónica de produtos nunha empresa do sector das telecomunicacións. Necesarios coñecementos de informática a nivel usuario, traballo de catro horas ao día de mañá ou tarde.

**Outras ofertas de A Coruña****Dependente de peixería** - Santiago de Compostela - **Nº Oferta 975807**

Cadea de supermercados precisa persoal para traballar na sección de peixería atendendo ós clientes e preparando os peixes para a súa venda. Necesaria experiencia de tres meses no posto e residir na zona.

**Community Manager (Dinamizador social media)** - A Coruña - **Nº Oferta 975535**

Empresa de novas tecnoloxías precisa persoal nativo en lingua inglesa para realizar entradas nun blog, interactuar cos usuarios, xerar debates en redes sociais e aportar ideas para o ensino do inglés.

**Albanel oficial** - Carral - **Nº Oferta 976130**

Precisase oficial de primeira ou segunda con experiencia de dous anos na colocación de pedra. Imprescindible ter permiso de conducir B e vehículo propio.

**Monitor/a de natación** - Ortigueira - **Nº Oferta 976666**

Empresa dedicada a xestión de instalacións deportivas, precisa persoal para impartir clases de natación a nenos e a adultos. Imprescindible experiencia previa como monitor desta disciplina. Con permiso de conducir B e vehículo propio.

**Docente rama sanitaria** - Padrón - **Nº Oferta 976289**

Impartirá os módulos da rama sanitaria en varios cursos de atención de persoas maiores. Imprescindible estar en posesión da Diplomatura en Enfermería, do curso de formador de formadores, CAP ou metodoloxía didáctica.

**Monitor/a de kick-boxing** - Cerceda - **Nº Oferta 976665**

Empresa dedicada a xestión de instalacións deportivas, precisa persoal para impartir clases de iniciación ao kick-boxing. Imprescindible experiencia previa como monitor desta disciplina.

**Operario/a de panadaría** - Ribeira - **Nº Oferta 975467**

Encargarase da elaboración de pan e empanadas no obradoiro dunha panadaría. Necesaria experiencia dun ano no posto, así como vehículo para chegar ó lugar de traballo e carné B. Xornada completa en horario nocturno.

**Aprendiz de electricista** - A Coruña - **Nº Oferta 976137**

Empresa de instalacións eléctricas precisa persoal entre 16 e 24 anos para realizar tarefas de apoio ós oficiais. Valoran ter rematada a ESO e permiso de conducir B ou residencia preto de Montealto, zona onde se atopa a obra.

**Axente de enquisas** - Melide - **Nº Oferta 975897**

Empresa dedicada a realización de estudos de mercado, precisa persoal para realizar enquisas sobre turismo a pé de rúa. Ofrecen contrato mercantil, con pago por enquisa realizada e traballo para diversas campañas puntuais ata o mes de decembro.

**Diplomado/a en Enfermería** - Rianxo - **Nº Oferta 975399**

Precisase persoal con experiencia mínima de un ano no posto e con experiencia docente, o CAP ou o curso de formador de formadores, para realizar tarefas como docente en módulos formativos relacionados coa súa rama. Con carné B, entre 22 e 35 anos.

**Asesor/a de produtos financeiros** - Ribeira - **Nº Oferta 976661**

Aseguradora de ámbito nacional selecciona persoal entre 23 e 45 anos para asesoramento e venda de produtos financeiros, executando un plan de comercio encamiñado a xestionar unha oficina comercial. Necesario carné B, formación a cargo da empresa.

## Outras ofertas de A Coruña

### Asesor/a de produtos financeiros - Fene - Nº Oferta 976659

Aseguradora de ámbito nacional selecciona persoal entre 23 e 45 anos para asesoramento e venda de produtos financeiros, executando un plan de comercio encamiñado a xestionar unha oficina comercial. Necesario carné B, formación a cargo da empresa.

### Asesor/a de produtos financeiros - A Coruña - Nº Oferta 976658

Aseguradora de ámbito nacional selecciona persoal entre 23 e 45 anos para asesoramento e venda de produtos financeiros, executando un plan de comercio encamiñado a xestionar unha oficina comercial. Necesario carné B, formación a cargo da empresa.

### Axente comercial (Sector: Formación) - A Coruña - Nº Oferta 976309

Consultora de formación precisa vendedores/as para realizar visitas a empresas e particulares ofrecendo cursos bonificados. Necesarios coñecementos de informática e ter carné B e vehículo propio.

### Axente comercial (Sector: Plásticos) - A Coruña - Nº Oferta 975842

Realizará venda de artigos de gran consumo a empresas dos sectores de industria e comercio. Horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas. Valórase experiencia como comercial. Necesario carné B e vehículo propio.

### Axente comercial (Sector: Enerxía) - A Coruña - Nº Oferta 975646

Empresa en expansión precisa comerciais para a zona de Cee, importantes incentivos económicos.

### Axente comercial (Sector: Têxtil) - A Coruña - Nº Oferta 975377

Para realizar venda de produtos têxteis relacionados co ámbito da xeriatría, sanidade, salóns de peiteado, garderías, etc. Necesarios coñecementos do mercado o que se van dirixir as vendas. Ofrecen contrato mercantil con comisións por vendas.

### Axente comercial (Sector: Seguros) - Ferrol - Nº Oferta 976340

Empresa dedicada os produtos financeiros busca persoal para realizar prospeccións de mercado e elaborar a súa propia carteira de clientes, ademais de dirixir unha oficina comercial e manter os actuais clientes da mesma.

### Axente comercial (Sector: Servizos) - A Coruña - Nº Oferta 975581

Empresa de comercio ó por maior precisa persoal para venda de servizos, telefonía, publicidade, etc. Ofrecen contrato laboral ou mercantil segundo valía. Xornada completa. A partir de 45 anos.

### Axente comercial (Sector: Servizos) - Santiago de Compostela - Nº Oferta 976018

Asesoría comercial en telecomunicacións precisa comerciais para realizar tarefas de captación de clientes, presentación de orzamentos e seguimentos de vendas para un importante operador. Ofrecen contrato laboral con fixo mais incentivos.

### Asesor/a comercial - A Coruña - Nº Oferta 975964

Precísase persoal maior de 18 anos para realizar distribución e venda de lencería e xoguetes eróticos. Traballo compatible con outras actividades. Ofrecen comisións por venda.

### Axente comercial (Sector: Maquinaria) - A Coruña - Nº Oferta 975268

Precísase persoal con experiencia en vendas para encargarse da comercialización e venda de maquinaria para obras públicas, accesorios e implementos. Ofrecen traballo a xornada completa a través dun contrato laboral.